

AO DESCUBERTO

Maria Schrader, 2022

1051

ESTREA EN NUMAX: 04.01.2023 | V.O.S.E. | +12

En 2017 dúas reporteiras do New York Times, Megan Twohey e Jodi Kantor, publicaron unha investigación periodística sobre os abusos sexuais do famoso produtor Harvey Weinstein que desencadeou o movemento #MeToo en todo o mundo e rompeu décadas de silencio sobre o tema das agresións sexuais en Hollywood.

«Seguindo o modelo de Spotlight, é un filme complexo e absorbente, que se cingue de maneira intrigante aos detalles do labor xornalístico»

Owen Gleiberman, VARIETY



O xornalismo contra o poder

Por Aglaia Berlutti

Como en *Todos os homes do presidente* (Alan J. Pakula, 1976), *Ao descuberto* é unha crónica sobre o traballo duro detrás dun triunfo. Do elaborado esforzo de corroborar, profundar e lograr que a versión das vítimas fose escoitada. Nunha das escenas máis inquietantes da película, unha das mulleres agredidas tenta contar a súa historia. A cámara non enfoca o seu rostro, senón os seus pés cruzados e tensos, tan ríxidos que a pel se vai poñendo vermella a medida que as palabras describen un feito de crueldade dolorosa. A voz da testemuña é monocorde, lenta, pero, aos poucos, a dor exprésase en pequenos titubeos e tremores. É entón cando o punto de vista do relato vira poderoso. Schrader enlaza o seu pranto lento e pesaroso ao fondo, coa sensación de deliberada e necesaria confesión.

A cineasta constrúe unha versión que prefire as escenas sensibles antes que discursos elocuentes ou artificiais. Hai un elemento decididamente realista nas secuencias que mostran as xornalistas interpretadas por Carey Mulligan e Zoe Kazan, detrás dos seus escritorios. De pé, xunto a arquivos cheos de po ou conversando en voz baixa, desconcertadas pola envergadura do caso que comeza a tomar forma. *Ao descuberto* é tamén o percorrido da verdade a través de medios e circunstancias turbias. Megan Twohey (Mulligan) e Jodi Kantor (Kazan) son dúas xornalistas do New York Times que saben facer o seu traballo: estudar con coidado unha colección de probas que deben ordenar para atopar un indicio da verdade.

A longametraxe sorprende por evitar embelecer o labor do xornalista. Nunha época que ofrece incontables recursos técnicos á súa disposición, o valor do traballo é moito máis importante. O guión utiliza a mesma técnica do libro homónimo para soste a tensión na súa narración. A atención da premisa enfócase en como puideron un grupo de vítimas loitar contra o todopoderoso Harvey Weinstein. Pero, á vez, a maneira como o xornalismo de investigación logrou pasar todo tipo de obstáculos a través da paciencia e unha dedicación sostida.

No caso de Twohey e Kantor, a batalla é mesmo máis incómoda. Ambas son mulleres que deben descubrir os erros nas versións das vítimas que, á vez, deben ter a suficiente neutralidade como para atopar contradicións. Un dos puntos máis encomiables da longametraxe é a forma en que a tensión se acumula aos poucos. Este é un thriller de suspense xornalístico ao que lle leva máis dunha hora mostrar todo o seu poder. Pero cando o fai, conmove polo seu eficaz uso de recursos para narrar. Non se trata só de mostrar ata que punto o xornalismo de investigación segue sendo pilar fundamental do mundo da prensa. Tamén, como as vítimas de Harvey Weinstein, tiveron que soportar unha brutal exposición. Entre o descrédito, as ameazas e os temores, as vítimas convertéronse no centro do interese dun dos xornais norteamericanos máis respectados.

Ao descuberto é unha elegante versión sobre as connotacións da verdade no mundo contemporáneo. Analiza o nacemento dun movemento de enorme influencia na memoria colectiva. Por ese motivo, sabe que a recreación dun momento único debe mostrar a sofisticada dureza da procura da verdade. Quizais, un dos seus maiores atributos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

She Said,
Jodi Kantor e
Megan Twohey.
Libros K. O., 2021

Despertar,
Rachel Vogelstein e
Meighan Stone.
Ariel, 2022

Harvey,
Emma Cline,
Anagrama, 2021

¡Denuncia!,
Sarah Ahmed,
Caja Negra, 2022

Una joven prometedora,
Emeral Fennel,
Universal [DVD]